



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Carme da Silva Méndez, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa ás previsións de corrección da toponimia deturpada que figura na sinalización viaria da estrada N-541 Pontevedra-Ourense, á altura de Cotobade.

Na estrada N-541 Pontevedra-Ourense (de titularidade estatal: Ministerio de Fomento), á altura de Cotobade figura o topónimo deturpado “Carballino” (sic) na sinalización instalada.

É evidente que a referida sinalización conculca o establecido na Lei de Normalización Lingüística no relativo á toponimia. Cumpre, pois, que se adopten as medidas precisas para a substitución do topónimo deturpado polo correcto e legal.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Ten previsto a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes demandar do Ministerio de Fomento a substitución da sinalización viaria na estrada N-541 coa toponimia deturpada a fin de restituír a orixinalidade galega do topónimo “O Carballiño”?


2.^a) Que medidas prácticas se adoptarán por este motivo?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Carme da Silva Méndez

Deputado e deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2008 18:22
Nº Rexistro: 33737
Data envío: 20/11/2008 18:22:16.964

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 20/11/2008 18:11:28

María Carme da Silva Méndez na data 20/11/2008 18:11:33